



□ UNIDADE DIDÁCTICA

# Martín Códax



Real Academia Galega  
de Belas Artes





# UNIDADE DIDÁCTICA: MARTÍN CÓDAX

## Xustificación

A finalidade desta Unidade Didáctica, dirixida ao alumnado de Grao Elemental dos conservatorios galegos, é dar a coñecer a Martín Códax, trobador do século XIII, así como a súa obra.

Este material preséntase dividido en 4 sesións breves, duns 30 minutos de duración estimada, de tal forma que o seu desenvolvemento non interfira no progreso dos contidos establecidos na aula de Lingua e Musical.

A continuación, detállanse os obxectivos e contidos desta Unidade Didáctica. Non se inclúen criterios de avaliación ao considerala unha Unidade informativa, e por tanto, non precisa de ser avaliada.

Cada unha das sesións consta dun [vídeo condutor](#) que nos informa e pon en situación para abordar as actividades que posteriormente se expoñen. Atoparedes a descripción das sesións acompañadas de ligazóns ao material audiovisual e as actividades propostas. Inclúese unha folla para que o alumnado poida realizar as actividades escritas propostas.



## Obxectivos

- Valorar o patrimonio musical galego do s. XIII
- Potenciar o interese dos alumnos pola música medieval.
- Coñecer a figura de Martín Códax e ser consciente da súa importancia.
- Vivenciar a música medieval trobadoresca do século XIII.
- Valorar e achegar a escritura adiastemática aos alumnos.
- Acceder aos códigos da escritura musical do século XIII.
- Escoitar e apreciar a música de Martín Códax.
- Educar a memoria auditiva a partir de melodías sinxelas de estilo medieval.



- Desenvolver a comprensión da evolución da escritura musical engadindo unha liña para fixar a altura dos sons.
- Coñecer os textos poéticos sobre os que se escribe a música que os acompaña.
- Propoñer o desenvolvemento por parte do alumnado dun traballo musical similar partindo duns versos establecidos.
- Coñecer a evolución histórica da escritura musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica situándonos na época medieval.

## Contidos


- Contextualización histórica de Martín Códax.
- Breve recensión bibliográfica de Martín Códax e a súa importancia na historia da música.
- Canto dunha canción medieval.
- Partitura con notación adiastemática.
- Esquema de códigos de escritura medieval.
- Escoita dunha cantiga de Martín Códax.
- Repetición de memoria da melodía escoitada.
- Coñecemento dun texto poético dunha cantiga de amigo.
- Composición dunha melodía a partir duns versos propostos.
- Coñecemento da evolución da escritura musical.
- Coñecemento dun esquema básico da notación musical medieval.



## Sesión 1

No vídeo desta sesión presentaremos ao alumnado a Martín Codax, levarémoslles a preguntarse quen é e a situar ao trobador galego na época medieval (século XIII).

Tamén no vídeo se relata a curiosa forma na que se "rescatou" o pergamiño que contén as sete cantigas de amigo de Martín Codax. Este pergamiño servía de forro dun códice do século XIV "Cicerón. De Officis". Foi o libreiro Pedro Vindel o que o descubriu casualmente. Dáse a circunstancia de que estas Cantigas de amigo presentaban ademais dos versos, notación musical en seis delas, un feito realmente excepcional.



A partir de aquí, centrámonos na escritura musical e a súa evolución desde a notación adiastemática, acompañando o texto das cancións con liñas ou debuxos que imitan o percorrido da liña melódica.

### Actividades

1) Debuxa nos seguintes recadros os sons que escutas (Pistas: Pista01-Pista04)

1

2

3





4



Pista 1 – chuvia. Pista 2 – mar. Pista 3 – vento. Pista 4 – vidro rompendo.









2) Debuxa os contornos melódicos das melodías que escoidas. (Pistas: Perfil01-Perfil04)



1: Perfil01. 2: Perfil02. 3: Perfil03. 4: Perfil04

3) Identifica os perfís que escoidas entre os que aquí se amosan, indicando a orde. (Pistas: Perfil01-Perfil06)





4) Improvisa, entoando, diferentes liñas melódicas sobre o bordón que escoitas. Podes empregar a vocal "u". Tentarase partir dunha consonancia e facer movementos melódicos ascendentes ou descendentes ata chegar, novamente, a un repouso (Pistas: Bordon01 ou Bordon02).



## Sesión 2



No vídeo desta segunda sesión explícase que era un trobador medieval e como estes músicos compoñían e interpretaban as súas melodías; eran como cantautores do século XIII.

Explícase que a temática destas cantigas era moi parecida á actual, é dicir, de amor.

Nesta sesión avanzamos nos aspectos evolutivos da escritura musical. Explícase como primeiro se debuxou unha liña para establecer a altura dun son. A idea foi moi ben aceptada polo que aos poucos fóreronse engadindo máis liñas o que levou a unha precisión maior na entoación. Os signos que marcan as referencias rítmicas tamén evolucionaron: puntos, cadrados, rombos etc.

### Actividades

1) Entoa os seguintes deseños melódicos a partires dunha nota dada.



2) A partires do teu nome crea unha melodía melismática, con varias notas en cada sílaba. Primeiro, escríbea e, despois, cántaa.



3) Realiza o seguinte ditado melódico (Melodía de Ondas do mar de Vigo. Pista: Ondas)

1. On- das do mar de ui- go,  
2. On- das do mar le- ua- do,  
3. Se uis- tes meu a- mi- go  
4. Se uis- tes meu a- ma- do

1. se uis- tes meu a- mi- ao?  
2. se uis- tes meu a- ma- 'do?  
3. o por que eu sos- pi- ro?  
4. por que ei gran coi- da- do?




R/. E ay deus se ue-rra ce- do.



### Sesión 3

A terceira sesión céntrase no texto das cantigas. Versos de temática amorosa escritos para ser cantados. Son as coñecidas como "cantigas de amigo". Estas cantigas están escritas en galego-portugués e a súa temática principal é o queixume pola despedida ou separación do amado.



### Actividades

- 1) Le algún dos textos das Cantigas de Martín Códax.



## Ondas do mar de Vigo

Ondas do mar de Vigo,  
se vistes meu amigo?

E ai Deus!, se verra cedo?

Ondas do mar levado,  
se vistes meu amado?

E ai Deus!, se verra cedo?

Se vistes meu amigo,  
o por que eu sospiro?

E ai Deus!, se verra cedo?

Se vistes meu amado,  
por que ei gran coidado?

E ai Deus!, se verra cedo?

## Mandal'ei comigo

Mandal'ei comigo,  
ca ven meu amigo.  
E irei, madr' a Vigo

Comigo'ei mandado,  
ca ven meu amado.  
E irei, madr' a Vigo

Ca ven meu amigo  
e ven san' e vivo.  
E irei, madr' a Vigo

Ca ven meu amado  
e ven viv' e sano.  
E irei, madr' a Vigo

Ca ven san' e vivo  
e d'el rei amigo  
E irei, madr' a Vigo



Ca ven viv' e sano  
e d'el rei privado.  
E irei, madr' a Vigo

### **Mia irmána fremosa**

Mia irmána fremosa, treides comigo  
a la ygreia de Vigo, u e o mar salido.  
E miraremos las ondas.

Mia irmána fremosa, treides de grado  
a la ygreia de Vigo, u e o mar levado.  
E miraremos las ondas.

A la ygreia de Vigo, u e o mar salido,  
e verra i mia madre e o meu amigo.  
E miraremos las ondas.

A la ygreia de Vigo, u e o mar levado,  
e verra i mia madre o meu amado  
E miraremos las ondas.

### **Ay Deus, se sab' ora meu amigo**

Ay Deus, se sab' ora meu amigo  
com' eu senneira estou en Vigo!  
E vou namorada.

Ay Deus, se sab' ora meu amado  
com' eu en Vigo senneira manno!  
E vou namorada.

Com' eu senneira estou en Vigo,  
e nullas gardas non ei comigo!  
E vou namorada.

Com' eu senneira en Vigo manho,  
e nullas gardas migo non trago!  
E vou namorada.



E nullas gardas non ei comigo,  
ergas meus ollos que choran migo!  
E vou namorada.

E nullas gardas migo non trago,  
ergas meus ollos que choran ambos!  
E vou namorada.

### **Quantas sabedes amar amigo**

Quantas sabedes amar amigo  
treides comig' a lo mar de Vigo.  
E bannar nos emos nas ondas!

Quantas sabedes amor amado,  
treides comig' a lo mar levado.  
E bannar nos emos nas ondas!

Treides comig' a lo mar de Vigo  
e veeremos lo meu amigo.  
E bannar nos emos nas ondas!

Treides comig' a lo mar levado  
e veeremo' lo meu amado.  
E bannar nos emos nas ondas!

### **Eno sagrado, en Vigo**

Eno sagrado, en Vigo,  
baylava corpo velido.  
Amor ei.

En Vigo, no sagrado,  
baylava corpo delgado.  
Amor ei.

Baylava corpo velido,  
que nunca ouver' amigo.  
Amor ei.



Baylava corpo delgado  
que nunca ouver' amado.  
Amor ei.

Que nunca ouver' amigo,  
ergas no sagrad', en Vigo  
Amor ei.

Que nunca ouver amado,  
ergas en Vigo, no sagrado  
Amor ei.

### **Ai ondas que eu vin veer**

Ai ondas que eu vin veer,  
se me saberedes dizer  
por que tarda meu amigo sen min.

Ai ondas que eu vin mirar,  
se me saberedes contar  
por que tarda meu amigo sen min.

2) [Escoita](#) algunha das Cantigas de amigo de Martín Códax





## Sesión 4

Esta última sesión céntrase en lembrar e asegurar os coñecementos adquiridos nas anteriores sesións. Este afianzamento de coñecemento realiza a partir dunha serie de preguntas:

- ☒ que é un trobador?
- ☒ de que zona de Galicia era Martín Códax?
- ☒ que sistema de notación musical existía antes do uso do pentagrama?
- ☒ en que idioma están escritas as cantigas de amigo?
- ☒ cal é a temática habitual das cantigas de amigo?
- ☒ como se descubriu o pergamiño de Martín Códax?



### Actividade

A actividade desta cuarta sesión céntrase na interpretación da cantiga "Ondas de mar de Vigo". O alumnado poderá cantar, tocar, empregando o audio de referencia, etc.



Antonio Facal Rivas

Iago González Alonso

Victoria Núñez Vallejo



## RESUMO DOS RECURSOS

### Vídeos condutores das sesións

[Listaxe](#)

[Sesión 1](#)

[Sesión 2](#)

[Sesión 3](#)

[Sesión 4](#)



### Actividades

[1.1](#)



[1.2](#)



[1.3](#)



[1.4](#)



[2.3](#)



[3.2](#)



[4.1](#)





## FOLLAS DO ALUMNADO

### SESIÓN 1

1) Debuxa nos seguintes recadros os sons que escoitas.

1

2

3

4

2) Debuxa os contornos melódicos das melodías que escoitas.

1







2

3

4



3) Identifica os perfís que escoitas entre os que aquí se amosan, indicando a orde.



4) Improvisa, entoando, diferentes liñas melódicas sobre o bordón que escoitas. Podes emplegar a vocal "u". Tentarase partir dunha consonancia e facer movementos melódicos ascendentes ou descendentes ata chegar, novamente, a un repouso.





## SESIÓN 2





1) Entoa os seguintes deseños melódicos a partires dunha nota dada.



2) A partires do teu nome crea unha melodía melismática, con varias notas en cada sílaba. Primeiro, escríbea e, despois, cántaa.



3) Realiza o seguinte ditado melódico.





## SESIÓN 3

- 1) Le algún dos textos das Cantigas de Martín Códax.
- 2) Escoita algunha das Cantigas de amigo de Martín Códax

## SESIÓN 4

- 1) Interpretade en clase a cantiga "Ondas do mar de Vigo" coa vosa voz ou empregando instrumentos.

Musical notation for the first part of the song. It consists of two staves of music for a single voice. The first staff starts with a quarter note followed by eighth notes. The second staff starts with a half note followed by eighth notes. The lyrics are:

1. On- das do mar de ui- go,  
2. On- das do mar le- ua- do,  
3. Se uis- tes meu a- mi- go  
4. Se uis- tes meu a- ma- do

Musical notation for the second part of the song. It consists of two staves of music for a single voice. The first staff starts with a half note followed by eighth notes. The second staff starts with a half note followed by eighth notes. The lyrics are:

1. se uis- tes meu a- mi- ao?  
2. se uis- tes meu a- ma- 'do?  
3. o por que eu sos- pi- ro?  
4. por que ei gran coi- da?

Musical notation for the third part of the song. It consists of two staves of music for a single voice. The first staff starts with a half note followed by eighth notes. The second staff starts with a half note followed by eighth notes. The lyrics are:

R/. E ay deus se ue-rra ce- do.





UNIDADE DIDÁCTICA  
**Martín Códax**